# ROBERTO VIDAL BOLAÑO        COMEDIA

*Autor, director e actor de teatro. Día das Letras Galegas 2013*





## Animaliños




Animaliños dirixe a nosa mirada á paradóxica e contradictoria relación que as sociedades da opulencia establecemos hoxe co noso entorno e moi en especial coa natureza, á que protexemos paternalmente ao pé da nosa casa e non dubidamos en contribuir ou consentir deturbar nas dos demais.

## Os Papalagui




Reflexións do xefe da tribo samoana de Tiavea sobre a civilización occidental, á que somete a unha visión crítica demoledora e chea de ironía, póndonos diante das nosas propias contradicións e reducindo ao absurdo moitos dos supostos valores nos que se asenta a nosa cultura Rosalía.



## Criaturas




O mito de Prometeo, o Frankenstein de Mary Shelley e o maxistral díptico que arredor del realizou nos anos trinta para a Universal James Whale servenlle a Roberto Vidal Bolaño para poñer ao descuberto o que a razón ou a civilización teñen producido de mostroso en nós ou nos que nos rodean.

## Sen ir máis lonxe



Comedia algo disparatada na que Roberto Vidal Bolaño recupera a personaxe que popularizara no inesquecible Caprice de Dieux.



# ROBERTO VIDAL BOLAÑO COMEDIA

*Autor, director e actor de teatro. Día das Letras Galegas 2013*

## Anxeliños




Unha comedia satánica, como sarcasticamente a subtitula o propio autor, na que cinco personaxes peculiares, no decurso dun interrogatorio policial, intentan, por medios as máis das veces disparatados, epoñer as razóns que os levaron a buscar na violencia a saída aos seus acuciantes e variopintos problemas económicos, afectivos e laborais.

## Caprice des dieux




É unha nova aproximación do teatro Antroido a moitas das aquelas que nos angurian e nos pesan a todos, a partires da nosa realidade particular e da relación con ela que nos é propia. O amor, a paixón, o terror, a liberdade, a vida, a morte, a dolor, o divertimento, a cultura, Galicia, o poder, o medo...



## Antroido na rúa II



Antroidada choqueira coa participación de Teatro Antroido, Obradoiro de aprendizaxe teatral Antroido e o grupo de Gaitas O Toxo a partir dalgúns cadros da Xaxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón, ou como trocar en rato pequecho o meirandexigantón e sacando á rúa aos Santos do Pórtico da Gloria.

## Antroido na rúa I



Antroidada choqueira baseada en partes do texto Memoria de mortos e de ausentes, de Roberto Vidal Bolaño e das lendas do Meco Memoria de mortos e ausentes

# ROBERTO VIDAL BOLAÑO COMEDIA

*Autor, director e actor de teatro. Día das Letras Galegas 2013*



## As falcatruas do Marques de Patacón (choqueirada morna)



Versión libre da farsa francesa do xéculo XV de autor anónimo Maistre Pierre Patelin, feita por Euloxio R.Ruibal.

## Amor e crimes Xan o Panteira



Xogo teatral non consumista, festivo e sinxelo, de certa raigame popular, baseado no texto homónimo de Eduardo Blanco Amor